

**ANEXO IV
Folla de autobaremación**

Méritos	Puntuacións parciais	Total
1.- Antigüidade (máx. 6 puntos) Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente no corpo de mestres: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes. 2.- Servizos (máx. 6 puntos) Servizos prestados na especialidade de Pedagogía terapéutica ou na de Audición e linguaxe: 2.1.- Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Pedagogía Terapéutica cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.. 2.2.- Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Audición e linguaxe cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.. 3.- Méritos académicos: (máx. 6 puntos) 1.- Polo título de doutor: 2 puntos. 3.2.- Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos 60 créditos: 1,50 puntos. 3.3.- Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma de estudos avanzados: 1 punto. 3.4.- Por cada título de grao distinto do alegado para o ingreso no corpo: 0,50 puntos. 3.5.- Por cada titulación de segundo ciclo: 0,50 puntos. 3.6.- Por cada titulación de primeiro ciclo distinta da alegada para o ingreso no corpo: 0,25 puntos. 4.- Actividades de formación (máx. 9 puntos) 4.1.- Por actividades superadas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 10 horas): ata 4 puntos. 4.2.- Por actividades impartidas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 3 horas): ata 2 puntos. 4.3.- Por actividades superadas e non baremadas no subpunto 4.1 que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo de mestres ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como as organizadas polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas): ata 2 puntos. 4.4.- Por actividades de formación impartidas e non baremadas no subpunto 4.2 (0,10 puntos por cada 3 horas de formación acreditadas): ata 1 punto.		